



Xaneiro 2006

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Editorial

Crónica do 2005: ilusión e loita para un tempo de cambios

O ano 2005 trouxo canda si grandes trocos aos que a Galiza labrega non vai ser allea. Dende o cambio de Goberno, poñendo por primeira vez á fronte da Consellaría de Medio Rural a un nacionalista, Alfredo Suárez Canal; ata o recente fracaso da OMC no seu VI Cumio Interministerial celebrado en Hong Kong. **Páx. 5**

■ Agroecoloxía

Actividades formativas nunha explotación de Pantón

O pasado 30 de novembro, corenta persoas visitaron unha explotación ecolóxica en Tanquián (Pantón, Monforte de Lemos). Nesta ocasión, tratouse de ver unha iniciativa un pouco diferente, que combina a agricultura con outras actividades económicas complementarias. **Páx. 8**

■ Eira

Ábrense os prazos para solicitar varias liñas de axudas

A Consellaría de Medio Rural anunciou, entre finais de decembro e comezos de xaneiro, a convocatoria de varias liñas de axudas: mellora gandeira, mellora e modernización das estruturas nas explotacións, seguros agrarios, ou o cesamento anticipado, son algunhas. **Páx. 10**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

A presión do SLG obriga a un grupo de adegas de Rías Baixas a negociar

■ Un grupo de importantes adegas de Rías Baixas negábase a negociar un prezo mínimo para a uva albariño e estaba a incumprir os acordos da última vendima.

■ A convocatoria de mobilizacións e dunha campaña de denuncia por parte do SLG, obrigou a estas empresas a sentarse de novo a negociar en interese d@s colleiteir@s. **Páx. 9**



Novo fracaso da OMC en Hong Kong

As mobilizacións das organizacións agrarias, lideradas por Vía Campesina, fixeron fracasar de novo as negociacións na Organización Mundial do Comercio (OMC) para liberalizar o mercado agrario. O noso compañeiro Xosé Ramón Cendán, presente no cumio de Hong Kong, foi arrestado por defender os intereses de Galiza. **Páxs. 2 a 4**

Campaña contra o recorte de funcións nas oficinas da Axencia Tributaria



O Sindicato Labrego está levando a cabo unha campaña, comarca por comarca, para impedir que se desmantelen os servizos que ofrecen as oficinas locais da Administración Estatal da Axencia Tributaria

(AEAT). No marco destas mobilizacións, Xoán Monasterio e Constantino Pulpeiro Ínsua, en representación do SLG, mantiveron un encontro coa máxima responsable da AEAT na Galiza, María Teresa Pisano. **Páx. 6**

As protestas forzan ao Ministerio a prometer o gasóleo agrícola para 2009

As mobilizacións levadas a cabo en todo o Estado, coa tractorada do Sindicato Labrego na comarca da Limia, obrigaron ao Ministerio de Agricultura a asinar o compromiso de crear un gasóleo agrícola profesional no ano

2009. Ademais, o departamento de Elena Espinosa desenvolverá varias medidas de tipo fiscal e económico para paliar o impacto que a suba dos carburantes está a ter na renda das explotacións labregas. **Páx. 7**



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescuela Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047

A OMC fracasa de novo na súa teima de rachar as fronteiras comerciais

Galiza líbrase así dunha liberalización total do mercado agrícola que suporía a desfeita do seu medio rural

O VI Cumio Interministerial da Organización Mundial do Comercio (OMC), celebrado entre o 13 e o 18 de decembro na cidade chinesa de Hong Kong, saldouse cun estrepitoso fracaso segundo as organizacións antiglobalizadoras,

ou cun pequeno éxito, se facemos caso dos ministros alí reunidos. En principio, da conferencia xurdiu o compromiso de abolir as axudas ás exportacións agrícolas no ano 2013. As negociacións seguirán en Xenebra en abril.



O Sindicato Labrego volveu ser a única organización agraria galega que deu a cara contra a Organización Mundial do Comercio

O remate das axudas ás exportacións agrícolas en 2013 é un logro moi afastado dos obxectivos da coñecida Rolda de Doha, que puxo na axenda da OMC cuestións que nin sequera se tocaron, como a promoción do desenvolvemento sustentábel, a redución da pobreza e o incremento do emprego, ou o medre económico dos países en desenvolvemento. O debate sobre estas e outras cuestións aprazouse ata abril

de 2006, nun novo encontro da OMC que terá lugar en Xenebra (Suíza).

Como conclusión, poderíase dicir que o resultado do cumio foi un fracaso atenuado ao poñer un primeiro chanzo na escada cara á globalización económica, un fenómeno que pouco ten que ver co rostro amábel de Doha: o remate das fronteiras comerciais e a privatización de servizos e recursos públicos esenciais como a auga, as

sementes, o ensino ou a sanidade. As principais beneficiarias disto son as multinacionais, con independencia do país onde teñan a sede, xa que terían as mans libres para facer negocio onde quixeran sen trabas, e en sectores que nunca se lles permitiu tocar. Os prexudicados: a cidadanía e o campesiñado de todo o mundo, ao ser privados de moitos dereitos básicos.

En Galiza, o SLG denun-

ciaba dentro dunha campaña contra a OMC -iniciada antes do verán- que estaba en xogo "a supervivencia de sectores fundamentais para a economía do noso medio rural coma o leite, a carne de vacún, a horta, o viño, etcétera. Isto é así porque a OMC pretende liberalizar o comercio mundial de produtos agrarios, é dicir, eliminar as barreiras aduaneiras que protexen as producións agropecuarias de cada país".

O libre comercio é "unha sentenza de morte" para os labregos e labregas do mundo

Aínda que Hong Kong está a miles de quilómetros de Galiza, as decisións que se pretenderon tomar alí a semana pasada poderían mudar de xeito radical a economía do noso país. De terse acordado a apertura de fronteiras aos produtos agrarios, a Unión Europea daría entrada a alimentos producidos en países onde os labregos e labregas traballan en condicións de semi-escravidude e que a penas aturan máis custes que os do transporte e os insumos.

Así e todo, o conflito que crea a OMC vai alén das diferenzas entre norte e sur,

pois a globalización económica sería desastrosa para a agricultura labrega con independencia do hemisferio onde se aplicase. Nun artigo, Peter Rosset, investigador do Centro de Estudos para o Cambio no Campo Mexicano, explicaba que "para os labregos e as labregas do mundo, tanto nos países do sur como nos do norte, todo comercio libre é unha sentenza de morte.

Pouco importa se as importacións de produtos "chatarra" que te expulsan do agro veñen dos Estados Unidos, da Unión Europea, Sudáfrica, China ou Brasil.



Precisamente, ás familias labregas destes países non lles convén en absoluto poder exportar máis, xa que esas exportacións non veñen das explotacións labregas, senón das grandes plataformas de agroexportación e do latifundio industrial, que afasta ao campesiñado das súas terras ancestrais tanto

no sur coma no norte". Rosset dá datos reveladores para demostrar que a agricultura labrega do norte está tan ameazada como a do sur: en Estados Unidos, máis de 4.000 familias labregas perden as súas terras cada semana; na Unión Europea, unha explotación pecha cada tres minutos.

Os principais sectores produtivos de Galiza tamén acudiron a apoiar as mobilizacións

Ampla resposta social na manifestación do 15 de decembro para oporse aos dictados da OMC

Dous milleiros de persoas partiron da Alameda compostelá, o pasado 15 de decembro, para protestar contra as intencións da Organización Mundial do Comercio (OMC) de liberalizar os

mercados agrarios internacionais e privatizar os servizos públicos. Deste xeito, Galiza uníase ás protestas globais contra a OMC grazas ao esforzo do Sindicato Labrego Galego

(SLG) que, nesta ocasión, organizou a protesta man a man coa Confederación Intersindical Galega (CIG). Na manifestación, todos os sectores produtivos quixeron facerse escoitar.

Mentres milleiros de persoas se manifestaban tamén en Hong Kong diante do VI Cumio Interministerial da OMC, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, dirixíase a labregos e labregas vidos de toda Galiza na Praza das Praterías -ao remate da manifestación- para advertirles das ameazas que estas negociacións podían representar para o agro galego.

Senra dixo que as regras que se impoñan dende a OMC "non van afectar só aos países pobres. Tamén nos van afectar a nós, xa que a política dos Estados Unidos e da Unión Europea destrúen a labregos e labregas en todo o mundo, e así o vimos constatando dende hai ben tempo".

En concreto, a Secretaria Xeral do SLG referiuse a que en Galiza, dende comezos dos noventa "desapareceron máis de 90.000 explotacións de leite; e se falamos do vacún de carne, de viño, de patacas, de horta, ou de calquera das producións agrarias que temos, en todas están a desaparecer explotacións a un ritmo tremendo". Por todo isto xustificou Lidia Senra a necesidade do Sindicato Labrego de saír á rúa a protestar.

No capítulo de reivindicacións, Lidia Senra centrou as demandas do Sindicato Labrego Galego en loitar pola soberanía alimentaria de Galiza, e reclamou que "o pobo galego debe ter capacidade para decidir qué política agraria quere poñer en marcha, para decidir o que quere comer. Non debemos deixarnos enganar pola comida lixo que nos están a ofrecer todos os días nos hipermercados".



Algúns dos principais sectores produtivos agropecuarios de Galiza estiveron presentes na manifestación do 15 de decembro trala súa propia pancarta. Na imaxe vemos catro dos presentes: horta, viño, sectores cárnicos e pataca.

Volta aos mercados locais e boicot ás grandes superficies comerciais

Respecto disto último, a dirixente do Sindicato Labrego fixo un chamado para animar á xente a non mercar nas grandes superficies comerciais, e pediu que se volva facer a compra nos mercados locais, pois "o que producimos nós é de moita mellor calidade e aportará riqueza ao país e non ás arcas das transnacionais". Seguindo coa demanda de soberanía alimentaria, Senra engadiu que "queremos ter dereito a producir os alimentos que comemos en Galiza, queremos ter prezos dignos que cubran os custes e o traballo de produción".

En canto ás negociacións da OMC, a sindicalista labrega denunciou como "mentira" a promesa de que a apertura dos mercados dos países ricos aos produtos agrícolas do sur podía reducir as desigualdades que existen no mundo.

Neste senso, afirmou que "o único que pretenden é que abramos as fronteiras para que as multinacionais europeas ou estadounidenses vaian producir de xeito industrial aos países do sur, aproveitándose dos salarios de miseria, para poder vender aquí ao mesmo prezo de sempre maximizando os beneficios. De aí

non sairá ninguén beneficiado, nin eles nin nós".

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego tamén pediu ao Goberno español "que presione á Unión Europea para que a agricultura, a alimentación e os servizos públicos saian das negociacións da OMC".

Finalmente, Lidia Senra denunciou que "na Organización Mundial do Comercio están negociando normas para favorecer os intereses das grandes transnacionais e poñelos por diante dos dereitos ao traballo, á alimentación, á saúde, ao ensino; por diante dos dereitos humanos".

De Hong Kong a Compostela: rexeitamento global do neoliberalismo

A detención de Xosé Ramón Cendán puxo de manifesto ante toda Galiza que a OMC nos afecta de cheo

Fronte á globalización da economía que se estaba a negociar no cumio da OMC en Hong Kong, revivíronse de xeito paralelo protestas tamén globais, como en Seattle ou Cancún. As prota-

gonistas das mobilizacións foron, fundamentalmente, as organizacións agrarias, coa Vía Campesina á fronte, movemento internacional ao que pertence o SLG. A detención do noso com-

pañeiro Xosé Ramón Cendán polas autoridades chinesas fixo que toda Galiza se decatase de que nunhas negociacións tan afastadas tamén nos estaban a xogar o noso futuro.

Neste senso, o SLG enviou ás protestas de Hong Kong ao seu responsábel de relacións internacionais, Xosé Ramón Cendán, único galego presente no cumio e estrela mediática por uns días a causa da súa detención polas autoridades chinesas.

Cando isto aconteceu, moitos preguntáronse que demo pintaba un galego manifestándose en Hong Kong. O propio Cendán explicábao á súa chegada ao aeroporto de Lavacolla na madrugada do 21 de decembro: "colaborando en todo o posíbel para opoñernos a que se faga unha liberalización aínda maior da economía".

O noso compañeiro, que viaxou a China en calidade de membro das executivas do SLG e da Coordinadora Labrega Europea (CPE), foi detido cando el e un milleiro de manifestantes tentaron achegarse ao edificio onde tiñan lugar as negociacións.

Iso acontecía no serán do sábado 17 de decembro, hora galega. O propio Cendán relata que "máis de mil manifestantes fomos arrodeados e detidos nunha rúa ancha por 8.000 efectivos da policía. A cada hora, ían achegándose un pouco máis a nós e estreitando o cerco. Estivemos así toda unha noite, con moito frío".

Despois viría a detención, as esposas nos pulsos, e dous días de cárcere. No caso de Xosé Ramón, pasou parte dese tempo en observación nun hospital por detectárselle síntomas de febre por mor do frío soportado toda a noite á intemperie. Xosé Ramón Cendán pisaría terra galega o 21 de decembro ás 00:20 horas.



Ducias de compañeiros e compañeiras do SLG recibiron a Cendán á súa chegada a Lavacolla

Miles de labregos e labregas que reclaman soberanía alimentaria

Alén da anécdota da detención de Xosé Ramón Cendán, se houbese que resumir en dúas palabras o que reivindicaban os miles de manifestantes que lle augaron a festa á OMC, estas serían "soberanía alimentaria". Iso demandaba Cendán para Galiza e os seus compañeiros vidos dos cinco continentes: o dereito dos labregos e labregas de cada país a alimentar ao seu propio pobo. Ese dereito suporía a necesidade de protexer as fronteiras á entrada de produtos foráneos e manter viva unha agricultura labrega orientada ao abastecemento local.

Esta reivindicación traducíuse nunha esixencia: a agricultura non pode ser obxecto de negociación na OMC. En palabras do actual coordinador da Vía Campesina, o indonesio Henry Saragih, "as persoas, os pobos, o medio ambiente, o planeta e a vida, non poden ser postos en poxa comercial, como está a acontecer coa agricultura. A OMC pon en perigo a viabilidade do xeito de vida labrego para transformalo nunha simple industria de produción de alimentos sen campesiñado".

Dende o SLG, engadiron que "á agricultura non se lle poden aplicar as regras do economicismo nin do libre mercado, xa que dela depende a alimentación das persoas e a súa saúde".

Cendán advertía que "a consecuencia da liberalización dos mercados para a agricultura galega sería que o noso medio rural rematase convertido nun deserto. Nós non podemos chamarlle competencia a facerlle fronte a salarios que moitas empresas, incluídas as españolas, pagan en países de África, Asia e América Latina, con obreiros cobrando soldos mensuais de entre 60 e 80 euros, para producir hortalizas, carne, viño, patacas ou leite a prezos tirados. Iso en Europa non é posíbel. Precisamente, por esa baixada constante dos prezos agrarios e da renda agrícola pechan de seguido explotacións en toda Europa e en Galiza, e fica o rural desertizado".

A pesares do mal trago do encarceramento, o sindicalista galego afirmou ter "un bo recordo das mobilizacións, da forza que se fixo e do compañeirismo demostrado. Cómpre ter en conta que tivemos moitas dificultades para poder manifestarnos con liberdade, xa que nos querían manter a raia lonxe do edificio onde se negociaba para que non se nos vise. Aínda así, houbo importantes manifestacións que pretenderon, fundamentalmente, que poida seguir existindo agricultura no mundo, ou que siga habendo unha educación e unha sanidade públicas".

Nova cita para a loita: a OMC volve reunirse en Xenebra en abril de 2006

En canto aos logros acadados nas negociacións, "constituíron un avance en canto a axenda, pero non en resultados concretos". De feito, Xosé Ramón Cendán amosouse máis preocupado cos orzamentos comunitarios aprobados tamén esta semana, pois "alén dos cartos que se puidesen gañar ou perder, supuxo un retroceso o feito de baixar a porcentaxe do que debe aportar cada país, xa que iso se traducirá nunha redución de servizos. A tendencia debería ser a contraria. Teñamos en conta que os países máis avanzados son aqueles nos que hai uns impostos máis altos, como Noruega, xa que cuns ingresos maiores pódense facer mellores políticas das que se beneficie a cidadanía".

Aínda que puidemos ver a Xosé Ramón Cendán visiblemente fatigado á súa chegada a Galiza, xa que levaba "cinco días sen case durmir", non esqueceu lembrar que "temos unha nova cita a finais de abril en Xenebra (Suíza), cun novo encontro da OMC, e haberá que seguir loitando aí".

Pero non só loitando fronte aos ministros que negocian a porta pechada o noso futuro, senón tamén a nivel local, como fixeron o Sindicato Labrego Galego e a CIG en Santiago de Compostela o 15 de decembro. Penso que hai que comprometer á sociedade para que se siga defendendo a pervivencia dos dereitos da cidadanía".

Editorial

Crónica sindical do 2005: Ilusión e loita para un tempo de cambios

O ano 2005 comezaba para o Sindicato Labrego con retos e traballos que rebordaban amplamente as nosas fronteiras. Así, o SLG iniciaba en xaneiro, sen o apoio de ningunha outra organización agraria, unha campaña contra a Constitución Europea. As razóns fundamentais desta oposición estaban no articulado do propio texto constitucional, que marcaba como obxectivo da Política Agraria Común a produtividade, é dicir: contaminación, alimentos insáns e cheos de residuos químicos, destrución de postos de traballo e de explotacións para concentrar a produción nunhas poucas mans, desertización, abandono do medio rural, e prezos de miseria para fornecer de materia prima barata ás industrias. O PSOE e o PP acadaron o seu obxectivo de que a xente votase maioritariamente si a este texto, pero o referendo fracasou en países como Francia ou Holanda.

Asemade, na Galiza a Xunta, gobernada polo PP, seguía coas súas políticas lesivas para o medio rural. En xaneiro, a Consellaría de Política Agroalimentaria dirixida por Santiso Miramontes anunciaba un Plano Estratéxico moi pouco ambicioso que nin sequera tocaba os problemas fundamentais do noso agro; evidentemente, o SLG denunciou as súas carencias e pediu, infrutuosamente, a súa mellora. Esta política de ouvidos xordos cara ao sector tivo o seu punto culminante coa orde de forestación de terras agrarias promovida pola Consellaría de Medio Ambiente, en mans de Xosé Manuel Barreiro: 16'5 millóns de euros para forestar 7.500 hectáreas de leiras. Aínda que o SLG xa pedira a retirada da orde antes mesmo da súa publicación, aínda que o Valedor do Pobo fixo un informe contra isto, a Xunta teimou en inutilizar máis terras agrícolas en Galiza, un dos países con menor superficie agraria útil de Europa, e onde un dos problemas fundamentais das explotacións é o acceso á terra.

Entre tanto despropósito, o Sindicato Labrego Galego acolleu esperanzado o Plan de Reestruturación do Sector Lácteo (PRSL), impulsado polo Ministerio de Agricultura. Con el, remataba temporalmente a especulación xerada pola compravenda privada de dereitos, e era o propio Estado quen pasaba a distribuír cota a un prezo bastante menor e con criterios que primaban ás explotacións máis necesitadas. Pero a ledicia durou pouco. Coa chegada do verán, o Ministerio castigaba de xeito brutal ao sector lácteo galego impoñéndolle unha supertaxa de 14'6 millóns de euros. Se a isto lle engadimos os investimentos en cota que fixeron as nosas explotacións a raíz do PRSL, o aumento da débeda do sector lácteo en Galiza dá arrepiños: 90 millóns de euros (15.000 millóns das antigas pesetas) máis de endebedamento nuns poucos meses.

A supertaxa foi o punto álxido das maneiras de gobernar dunha ministra, Elena Espinosa, que aínda que leva o de ser galega

na partida de nacemento, e o do talante na propaganda do seu partido, pouco o demostra á hora de tomar decisións. De feito, esta foi a única titular de Agricultura que non se dignou a reunirse co Sindicato Labrego Galego a pesares das reiteradas ocasións en que se lle pediu. Nin sequera os ministros e ministras do PP chegaron a este grao de desprezo. Outro dos galanos de Elena Espinosa para a súa terra natal, neste 2005, foi excluír a Galiza das axudas para paliar os danos da seca e das xeadas na agricultura.

Pero o Ministerio de Agricultura aínda ía ter máis despropósitos para con Galiza, como por exemplo impoñer a obrigatoriedade de ter contedores nas casas e nas explotacións para depositar os cadáveres dos animais ata que veñan retiralos, ou non primar o carácter labrego das explotacións á hora de beneficiarse do artigo 69 do pago único. Alomenos, no tema dos contedores, e tras varias negociacións levadas en solitario polo SLG, acadouse a reforma da normativa para que non se aplicase no caso das pequenas explotacións de porcino, nin nas de ovino e cabrún.

No tema do gasóleo, as mobilizacións en todo o Estado -con tractoradas do SLG n'A Limia, por ser o cultivo da pataca un dos máis afectados pola súa alta mecanización- obrigou á Ministra a comprometerse con outra das demandas históricas do Sindicato Labrego: creará un gasóleo agrícola profesional no 2009, e activará este ano medidas para paliar o impacto da suba dos carburantes sobre a renda labrega.

O comezo do ano, situando unha das fronteiras de batalla no terreo internacional coa campaña contra a Constitución Europea, facía presaxiar que o traballo do SLG non ía ficar só dentro das fronteiras galegas. E así foi. En xaneiro, o compañeiro Xosé Ramón Cendán, membro das executivas do SLG e da Coordinadora Labrega Europea (CPE), participaba no encontro "Alternativas ao libre cambio: por unhas políticas agrarias sostíbeis e solidarias" na localidade brasileira de Chapecó, e no Foro Social Mundial, en Porto Alegre. En febreiro, tocaríalle a quenda á Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, que participou nun encontro de organizacións agrarias en Amsterdam (Holanda) para debater sobre estratexias conxuntas a seguir en Europa no sector lácteo; a reunión tería continuidade en Billund (Dinamarca) en xuño. Ese mesmo mes, Cendán e Lidia Senra participaron na asemblea xeral da CPE en Bretaña. Será aí onde as organizacións agrarias europeas comecen a ensinalle os dentes a un acontecemento que ocuparía boa parte dos esforzos do SLG no que quedaba de ano: o VI Cumio Interministerial da Organización Mundial do Comercio (OMC) en Hong Kong, evento no que se pretendía sentar as bases para liberalizar os mercados agrarios internacionais e privatizar servizos e bens

públicos como a sanidade, o ensino, a auga ou as sementes.

En efecto, a campaña contra a OMC principiou a comezos do verán e había durar todo o ano, ata o cumio da OMC en decembro. Deste xeito, e coa colaboración puntual doutras organizacións sindicais e asociacións, o SLG visitou as principais vilas e cidades galegas para informar á xente de todo o que nos íamos xogar no cumio. As armas empregadas nesta mobilización foron charlas, música, mostra e degustación de produtos labregos, debates, paneis informativos, etcétera. O cume en todo este traballo acadárase o 15 de decembro, cunha manifestación en Santiago de Compostela que congregou a dous milleiros de persoas; dous meses antes, o 19 de outubro, o sector lácteo tamén se mobilizaba polas rúas d'A Coruña -convocado só polo SLG- para pedir un prezo mínimo para o leite en Europa e opoñerse ás intencións da OMC. Unha vez máis, Cendán foi o noso representante no estranxeiro, e participou activamente nas protestas de Hong Kong. Alí, sufriu a represión da policía chinesa ao ser arrestado e detido durante dous días, xunto a outro milleiro de persoas, por exercer o seu dereito a manifestarse para defender os intereses galegos.

Por sectores, foi un ano moi movido no viño, con mobilizacións e campañas informativas en todas as denominacións de orixe, negociacións nas mesas convocadas pola Consellaría, e éxitos coma o que se relata na páxina 9 deste Fouce. Tamén medraron a nivel organizativo as labregas do SLG, coordinadas pola Secretaría das Mulleres, que este ano acadou que se recoñecesen demandas históricas como a da cotitularidade, ou logrou introducir emendas como a discriminación positiva no PRSL; as mulleres do SLG remataban o ano co seu segundo encontro anual en San Clodio, e despois de participar nunha xuntanza estatal de COAG en Teruel.

Quizais o cambio máis importante do ano, e que o SLG acolleu con esperanza e ilusión, foi o remate do goberno do Partido Popular en Galiza. Finan así dezaseis anos negros para a agricultura do noso país. O PP vaise deixando un arrepiante legado: decenas de miles de explotacións pechadas, un medio rural desertizado e envellecido, a mocidade fuxida nas cidades, e todos os sectores produtivos sobrevivindo co lastre de tremendos endebedamentos e unha baixa rendibilidade motivada polos prezos de miseria que se lles paga aos labregos e labregas. Ao novo Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, e ao seu equipo de colaboradores e colaboradoras, quedálles por diante a difícil tarefa de refluotar un agro esmagado por un fondo desánimo. O SLG seguirá contribuíndo co seu traballo e con ilusión a esta tarefa, aportando as súas achegas no Consello Agrario Galego -que se creará no 2006-, e coa crítica e a denuncia cando a defensa dos intereses labregos así o esixan.

O SLG contra o cese de servizos da Axencia Tributaria nas comarcas

Mantivéronse encontros cos máximos responsábeis de Facenda en Galiza

O Secretario de Organización do SLG, Xoán Monasterio, e o responsable de seguros do sindicato, Constantino Pulpeiro, reuníronse coa Delegada da Administración Estatal da Axencia Tributaria en Galiza (AEAT), María Teresa Pisano, para transmitirle a preocupación ante o desmantelamento de servizos nas oficinas locais da AEAT.

A xuntanza produciuse o 16 de decembro, despois de que o Sindicato Labrego constatase a intención da Axencia Tributaria de centralizar servizos que ata o de agora desempeñaban as sucursais comarcais, coma o control de empresarios e profesionais, as declaracións informativas, ou a unidade de módulos, o que fai que o colectivo de labregos e labregas sexa un dos máis afectados e prejudicados.

De levarse adiante, este traslado planificado deixaría desasistidas a moitas bisbarras e contribuiría a desmantelar o escaso tecido de servizos públicos cos que conta a Galiza rural. Precisamente, a tendencia debería ser á inversa, no sentido de achegar máis a administración á cidadanía.

Con medidas coma esta, os labregos e labregas non só seguirán padecendo os problemas comúns do seu sector profesional -como o estancamento e redución dos prezos que lles pagan



Constantino Pulpeiro (esquerda) e Xoán Monasterio (SLG) negociaron en nome do SLG coa Axencia Tributaria



polos seus produtos, ou o constante encarecemento de insumos coma o gasóleo- senón que, ademais, terán que aumentar aínda máis os gastos -en tempo e cartos-, para poder realizar trámites burocráticos que, en troques de simplificarse, semella que tenden a ser máis caros e com-

plicados.

Ademais dos encontros cos responsábeis da Axencia Tributaria, o Sindicato Labrego xa denunciou o problema a nivel local en varias comarcas, acadando o apoio nas súas demandas de numerosas organizacións e movementos asociativos.

A Deputación d'A Coruña renova co SLG o seu convenio de colaboración



TORRECILLA

Lidia Senra estivo flanqueada por Socorro Cea e Salvador Fernández Moreda durante a sinatura do convenio

A Deputación d'A Coruña renovou co Sindicato Labrego Galego o convenio de colaboración que xa asinara o ano pasado. Nesta xeira, o acordo consistirá no compromiso do organismo provincial de financiar con 120.000 euros sesenta actividades formativas e a elaboración de material divulgativo, traballo que deberá realizar o Sindicato Labrego ao longo do ano 2006. Ademais, o SLG deberá garantir unha asistencia mínima de quince persoas a cada actividade que faga.

Ao acto de sinatura do convenio asistiron, por parte

do goberno provincial, o Presidente, Salvador Fernández Moreda, e a deputada portavoz do BNG, Socorro Cea; e a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra.

O Presidente da Deputación d'A Coruña destacou o "importante peso económico e social que a agricultura e a gandería teñen na zonas rurais da provincia e de Galiza", onde miles de persoas traballan nestes sectores, e considerou que estes programas de formación do SLG "contribuirán a mellorar as condicións socioeconómicas dos labregos e das labregas".

SLG de Vilalba: Tres lustros formando á mocidade labrega

O Sindicato Labrego Galego de Vilalba vén de cumprir quince anos na súa actividade de formar a mozos e mozas cos cursos de incorporación á empresa agraria e de capacitación. Xa choveu dende a primeira clase en 1990. Unha anécdota ilustra ben: Beatriz Morado, que acudiu como alumna a comezos dos noventa, ten agora a unha filla como monitora impartindo clases, Verónica Amarelo, que é enxeñeira técnica agrícola. Xunto a ela, están a traballar actualmente como profesores Daniel Carballo, veterinario; e Cristina Fernández Duran, tamén enxeñeira.

Deste xeito, a actividade formativa do SLG viaxou por toda a bisbarra da Terra Chá. Ademais de Vilalba, impartíronse clases en concellos como Xermade, Guitiriz, Cospeito ou Meira; e chegouse ata ás mesmas parroquias, como en San Cosme de Nete, Feira do Monte, Os Vilaros ou Santaballa. Neste senso, sempre foi moi importante a colaboración da veciñanza á hora de ceder os locais para poder celebrar a actividade; as instalacións da Cooperativa do Campo da parroquia vilalbesa de Santaballa e as escolas de Nete e Os Vilaros son un bo exemplo disto último.

Este labor formativo é boa



A actividade formativa do Sindicato Labrego na Terra Chá segue vivente hoxe en día

mostra do evolucionar do noso agro se facemos caso do número de alumnos: mentres que a comezos dos anos noventa chegaron a simultanear ata tres cursos, debido á grande demanda;

agora o abandono da actividade déixase notar e estes fanse de maneira máis espaciada, impartidos case en exclusiva nas escolas de capacitación agraria dependentes da Xunta.

A pesares das escasas incorporacións, o Sindicato Labrego de Vilalba segue co seu labor formativo na actualidade, cun novo curso de capacitación en San Cosme de Nete.

As protestas forzan ao Ministerio a crear o gasóleo agrícola para 2009

Tamén se acordaron compromisos inmediatos para minimizar o impacto da suba dos carburantes no agro

As mobilizacións levadas a cabo polos sindicatos agrarios, como a tractorada organizada polo SLG n'A Limia, deron os seus froitos nas negociacións por un gasóleo agrícola profesional. Así, o Ministerio de Agricul-

tura acabou aceptando un acordo co que se porán en marcha medidas estruturais que paliarán, en parte, a grave situación que sofren moitas explotacións galegas por mor da suba do prezo dos carburantes.

Unha das medidas -o aumento dun punto para a agricultura e 0,5 puntos para a gandería no IVE repercutido-, pode supoñer para as explotacións máis pequenas que están en módulos unha recuperación de renda.

Así mesmo, se o gasóleo supera o prezo medio dos anos 2004-2005 (en torno aos 54 céntimos por litro), o compromiso acadado supón devolverlle a labregos e labregas a diferenza entre este prezo e o que paguen no surtidor, sempre que non supere o cantidade recadada polo Imposto Especial de Hidrocarburos.

En canto ao gasóleo profesional, e a pesares de que a reivindicación do Sindicato Labrego Galego pasaba por crealo no ano 2006,



Na Galiza, o SLG sacou os tractores á rúa no mes de novembro para esixir o gasóleo labrego

no acordo contéplase o compromiso de acadalo no ano 2009, co cal xa é un paso adiante importante no proceso negociador. Ade-

mais, hai toda unha serie de medidas en materia de fiscalidade e relacionadas co IRPF que son positivas para o sector, amais do compro-

miso de pór en marcha unha mesa de prezos para o ano que vén, promesa á cal o SLG lle vai facer un especial seguimento.

O Estado Español é o terceiro da Europa dos 25 onde máis caeu a renda agraria

Mentres que a renda agraria caeu unha media do 6'3% na Unión Europea neste ano 2005, o Estado Español sufriu unha caída do 12%, ficando en terceira posición neste triste podio, só por tras de Hungría e Eslovaquia.

Esta caída da renda obedeceu a un forte descenso nos ingresos agrícolas reais, que baixaron un 8'4%, e a unha caída no volume de man de obra no campo, que baixou un 2'3%.

Xa por sectores, houbo unha caída no valor das producións vexetais e animais do 8% e do 1'7%, respectivamente. No caso das producións vexetais, rexistraron unha redución do volume de produción do 5'3%, e un recorte dos prezos aos produtores do 2'9%.

Tamén nos produtos animais houbo unha caída de prezos para as explotacións gandeiras do 1'7%. En canto aos sectores en si, os máis prexudicados cunha presenza importante en Galiza foron o viño, os ovos ou a carne de ave.

Os cultivos de algodón transxénico Bt arruinan á India labrega

O goberno indio admitiu por primeira vez, este mes de decembro, que a introdución do algodón transxénico Bt neste país fracasara. Por exemplo, nas rexións de Madhya Pradesh e Nimad, as variedades de Mahyco-Monsanto e de Rasi de algodón Bt están a causar reaccións alérxicas nas persoas que teñen contacto cos cultivos, amais da morte do gando que se achega ás leiras de transxénicos.

Por se non abundase, dende o punto de vista da produtividade este algodón manipulado resultou ser un auténtico desastre e está a provocar perdas a grande escala entre o 60% de labregos e labregas.

Curiosamente, quen mercou as sementes transxéni-



Cartaz de apoio á iniciativa legislativa popular en Suíza pedindo unha alimentación libre de produtos transxénicos

cas pagounas ata polo triplo do prezo que custaban as que xa tiñan de seu, atopándose coa sorpresa de que moitas non chegaron sequer a xermolar. Ademais, a variedade vendida na India estaba deseñada para combater os parasitos dos cultivos de algodón en Estados Unidos, polo que resul-

tou ineficaz para ser utilizada no país asiático.

Suíza aproba unha moratoria ata 2010

En Europa, Suíza volveu dar mostras de ser un país máis avanzado que moitos da Unión Europea en canto a comportamentos democráticos. No país helvético pro-

moveuse, en febreiro de 2003, unha iniciativa legislativa popular para levar ao Parlamento o debate sobre unha posíbel moratoria dos transxénicos. A finais de decembro, a Cámara de Deputados e o Senado aprobaban a moratoria, e o mesmo resultado acadábase nun referendo.

Así, en Suíza haberá unha moratoria para os organismos manipulados xeneticamente que durará ata o 27 de novembro de 2010. Esta moratoria prohibe, durante ese período, a utilización de transxénicos en agricultura, ou a cría nas explotacións de animais manipulados xeneticamente.

Medio cento de persoas viaxaron a Pantón nunha visita formativa do sector ecolóxico

Con esta actividade pechaba o Sindicato Labrego Galego a súa axenda de formación en agroecoloxía do 2005

O pasado 30 de novembro, corenta persoas visitaron unha explotación ecolóxica en Tanquián (Pantón, Monforte de Lemos), no marco das actividades formativas do Sindicato

Labrego Galego neste sector. Nesta ocasión, tratouse de ver unha iniciativa un pouco diferente, xa que ata de agora sempre se visitaron experiencias onde a agricultura ou a gandería -xun-

to coa venda directa nalgúns casos- constituían a actividade principal da persoa visitada (o cal non significaba sempre que fora a única fonte de ingresos).


Nesta ocasión trátase dunha explotación onde hai un pouco de todo: horta, animais (porcos celtas, galiñas, cabalos, etcétera), froiteiras ou cereais. En total, máis de seis hectáreas manexadas onde producen para autoabastecemento, vendendo algúns excedentes en forma de conserva. Nesta explotación non teñen selo de ningún tipo, e combinan a agricultura con outras actividades económicas non agrícolas pero que se desenvolven na propia explotación (imparten clases, comidas, aluguer de cabalos, etcétera).

Pódese dicir que, nesta explotación, os criterios ecolóxicos esténdense máis alá do cultivo da terra, aplicándose tamén á construción da casa, nas enerxías que se empregan, na xestión dos residuos, etcétera, constituíndo un conxunto sustentábel onde se pechan os ciclos ecolóxicos.

Unha vez máis, as persoas que participaron na visita constataron a dificultade que teñen para obter



Dúas das experiencias que puideron coñecer de preto as persoas que se achegaron a Tanquián para visitar a explotación. A dereita, a produción hortícola; á esquerda, a facenda ao aire libre de porcos de raza celta.



rendibilidade económica as explotacións a escala humana, diversificadas, multifuncionais, respectuosas co medio ambiente, e que ofrecen alimentos de calidade e sans, xa que, excepto para os vexetais en fresco, o resto de

produccións (ovos, carne, conservas vexetais, etcétera) teñen vedado o acceso ao mercado por non poder asumir para cada unha das producións toda a normativa hixiénico-sanitaria de aplicación, así como os selos

de calidade se quixeran aplicalos.

Esta situación, xunto co tema dos prezos, dá lugar a que moitas iniciativas emprendidas coa idea de producir alimentos sans, se vexan forzadas a especializar-

se nun tipo de produción para poder acceder ao mercado; ou na obriga de orientarse cara a outro tipo de actividades diferentes da produción agraria (turismo, ocio, etcétera) para poder subsistir.

Dinamarca indemnizará a contaminación transxénica en leiras convencionais e ecolóxicas

Dinamarca vai pagar unha indemnización nos casos en que os agricultores convencionais ou ecolóxicos sufran perdas económicas cando contaminen as súas colleitas. Este é o primeiro caso autorizado pola Comisión Europea.

A compensación só será concedida se a presenza de transxénicos supera o 0,9 % (xa que por debaixo de este nivel non hai que sinalar na etiqueta do produto que contén organismos manipulados xeneticamente). Tamén se limitará a diferen-

cia entre o prezo de mercado dunha colleita que teña que ser etiquetada por conter OXM's e o prezo da colleita para a cal non se precisa o etiquetado.

O fondo estará financiado polos produtores de cultivos manipulados xeneticamente, que deberán pagar unha taxa de 13'4 euros por hectárea e ano.

Este sistema vai manterse durante cinco anos, xa que a idea é substituílo en canto haxa seguros privados que cubran o risco de contaminación transxénica.



En Dinamarca tamén ten habido fortes campañas contra os transxénicos, como a da imaxe

Para a produción ecolóxica, no caso de ser contaminado

por debaixo do 0,9%, ficaría tamén sen ser indemnizado

a pesares de perder a certificación.

Varías adegas de Rías Baixas ceden á presión do SLG e aceptan negociar prezos

O Sindicato Labrego Galego convocara mobilizacións ante o fracaso da mesa do viño do 30 de novembro

Despois do fracaso das negociacións na última mesa do viño de Rías Baixas, o Sindicato Labrego Galego decidiu iniciar mobilizacións para defender os intereses do sector. Tanto a negativa a

aceptar un prezo mínimo para a uva albariño de 1'20 euros, como o incumprimento dos acordos da pasada vendima, obrigaron ao Sindicato Labrego a convocar unha serie de ac-

cións para denunciar a actitude dun grupo de grandes adegas que, ata o de agora, se amosaron intransixentes á hora de dialogar. Afortunadamente, ao final semella que viñeron ao rego.

O 16 de decembro, o responsable dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, convocaba aos medios de comunicación en Pontevedra para denunciar, nome a nome, ao grupo de adegas que estaba a incumplir os acordos da vendima deste ano, e que se negaban a aceptar un prezo mínimo para a uva albariño de 1'20 euros máis IVE para o 2006.

Diante da teimosía á hora de seguir coa mesma actitude, o Sindicato Labrego preparou o inicio dunha campaña informativa de cara aos consumidores e consumidoras, cunha primeira acción en El Corte Inglés de Vigo o 23 de decembro.

O anuncio da manifestación provocou que o día anterior, 22 de decembro, se producisen unhas intensas negociacións que remataron cando o grupo de adegas que se ía denunciar admitiu sentarse a dia-



@s colleiteir@s informaron á xente sobre a inxustiza que sufren á hora de vender as uvas

logar de novo.

Deste xeito, grazas á presión do SLG, aínda hai posibilidades de que se fixe un prezo xusto para a uva albariño en Rías Baixas. En

principio, o Sindicato Labrego acordou non divulgar o nome destas adegas, polo que a concentración na entrada de El Corte Inglés rematou por centrarse en de-

nunciar o baixo prezo da uva e as marxes abusivas coas que se vende o viño.

Segundo datos elaborados polo SLG, os custos que unha adega ten á hora de

elaborar unha botella son os seguintes: un quilo de uva albariño, tal e como pretenden pagar nesta campaña, sairíalles entre 80 céntimos e 1 euro: a elaboración dese quilo de uva para transformar en viño tenlles un gasto de entre 10 e 20 céntimos; máis 1 euro para pagar a botella, o tapón e as etiquetas; e 50 céntimos adicionais noutro tipo de investimentos. Iso dá un custe total de 2'40 a 2'70 euros para unha botella de viño.

Non embargante, o prezo final desa botella anda entre 5 e 14 euros nas tendas, ou entre 12 e 20 euros nos restaurantes. As marxes de beneficio, polo tanto, van dende un 200% ata un 800%. Isto demostra que, mentres moitos viticultores e viticultoras están a piques de abandonar a súa profesión por falla de rendibilidade, hai quen se está enriquecendo a costa deles con enormes ganancias.

Carrefour ofertou 212 viños para Nadal no noso país, dos cales só oito eran galegos

Aproveitando a concentración de viticultores e viticultoras nunha grande superficie comercial, o Sindicato Labrego Galego informou aos clientes sobre a tremenda colonización que sofre Galiza en materia vinícola coa complicidade deste tipo de recintos.

Por exemplo, Carrefour publicou este Nadal unha carta de viños na que a potencial clientela podía elixir entre 212 marcas. Delas, só oito eran de denominacións de orixe galegas, ficando excluídas Valdeorras e Monterrei, e ofertando só un tinto da nosa terra.

Feitos coma este resultan preocupantes nun país que, como Galiza, conta con máis de 200 adegas de carácter labrego e familiar que elaboran máis de 10 millóns de litros de viño, distribuídas en máis de catrocentas variantes comerciais.

Todo o noso consumo de viño ascende a máis de cen millóns de botellas con denominación de orixe e "de mesa", polo que o potencial de consumo noso é dabondo para absorber os viños galegos e de colleiteiro sen que isto non nos impida poder vender fóra.



Varios medios de comunicación vigueses achegáronse para dar testemuño da protesta

Axudas á mellora e modernización das estruturas en explotacións agrarias para o 2006

Orde do 27 de decembro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias para o ano 2006.

As liñas de axuda terán que ver con plans de mellora en explotacións agrarias; primeira instalación de agricultores mozos en explotacións agrarias (primeira instalación de agricultores mozos, adquisición e acondicionamento de vivenda; e plans de mellora considerados no Programa Operativo Integrado de Galicia, cofinanciados polo FEOGA-O nun 75%, que se vai realizar en explotacións cuxa actividade produtiva sexa a horticultura, floricultura ou gandería non ligada á terra (liña P) ou cuxo titular non sexa agricultor profesional (liña R).

A presentación das solicitudes de axudas para cada medida das incluídas

nesta orde realizarase nas oficinas agrarias comarcais, utilizando os impresos normalizados incluídos como anexo I, que estarán á disposición dos interesados nas mencionadas oficinas. Coa solicitude de axuda achegarase a documentación complementaria establecida nesta orde para cada tipo de axuda solicitada.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente orde no DOG e **rematará o 3 de marzo de 2006**, ambos inclusive.

Non obstante o anterior, para os casos de primeiras instalacións de mozos/as motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria acollidos ás axudas do Real decreto 5/2001, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo permanecerá aberto ata o **30 de novembro**.

Axudas para a mellora gandeira en 2006

Orde do 27 de decembro de 2005 pola que se articulan axudas no marco do Programa de mellora gandeira de Galicia. Esta orde ten por obxecto convocar e regular as axudas para as seguintes actividades:

-O desenvolvemento de programas de xestión zootécnica.

-O desenvolvemento de programas de planificación zoosanitaria.

-Actividades de fomento, difusión, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego.

-Apoio aos libros xenéticos da raza bovina frisona e das razas autóctonas de Galicia.

-A realización de probas para determinar a calidade xenética ou o rendemento do gando vacún leiteiro.

-A realización de programas de cría de animais.

-A avaliación xenética das femias das especies bovina, ovina e cabrúa de raza pura para reprodución.

-A adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas españolas.

-Fomento das razas autóctonas de protección especial en perigo de extinción.

Poderán acollerse a estas axudas os criadores, as asociacións ou agrupacións de criadores e as súas federacións recoñecidas oficialmente, as entidades locais e outras entidades relacionadas co sector agrario, formalmente constituídas, todas elas establecidas en Galicia, que desexen realizar actividades encamiñadas á mellora da eficacia dos sistemas produtivos e das calidades nas súas producións, ou que apoiem a realización deste tipo de programas, e que presenten un programa de actuación de acordo co contido desta orde.

As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería de Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o **7 de febreiro**, excepto para as axudas á adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas españolas, no que o prazo de presentación de solicitudes é nos 30 días seguintes á adquisición dos animais.

Axudas para fomentar a contratación de seguros agrarios para o ano 2006

Orde do 26 de decembro de 2005 pola que se establecen as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios en Galiza no 2006. O obxecto desta orde é establecer as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios incluídos no plan de seguros agrarios combinados.

A Consellería do Medio Rural concederá estas axudas en réxime de concesión directa e poderán ser benefi-

ciarios os asegurados titulares de explotacións agrarias situadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando subscriban pólizas de seguros de liñas agrícolas do plan 2006 e liñas gandeiras dos plans 2005 e 2006,

A subscrición do seguro realizarase exclusivamente a través das entidades aseguradoras autorizadas polo Ministerio de Economía e Facenda e incluídas na

Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados, S.A. (Agroseguro), ou a través dos axentes de seguros autorizados.

A contratación con estas entidades poderase realizar de forma individual ou ben de forma colectiva por medio de tomadores de seguros que se inscriban no Rexistro de Tomadores da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa).

Prórroga de arrendamentos rústicos históricos ata o 31 de decembro de 2010

Lei 6/2005, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarias e dos arrendamentos rústicos históricos de Galiza.

Artigo único.-Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 5.1 da Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarias e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

"Os arrendamentos rústicos e as parzarias a que se refire o artigo 2 que estivesen vixentes á entrada en vigor desta lei quedarán prorrogados ata o 31 de decembro do ano 2010".

Axudas para fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria para o 2006

Orde do 27 de decembro de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para fomentar o cesamento anticipado da actividade agraria, e se convocan para o ano 2006.

Dous dos principais problemas que condicionan a competitividade das explotacións agrarias galegas son a elevada idade media dos titulares así como a súa escasa dimensión. As axudas ao cesamento anticipado na actividade agraria pretenden complementar a política socioestrutural galega outorgando unha renda aos agricultores e traballadores, ou familiares de maior idade, que cesan na actividade agraria, transferindo a totalidade ou parte da súa explotación a outros, máis novos, que poidan mellorar a viabilidade económica

das explotacións agrarias que queden libres, coa posibilidade de dedicar terras de interese agrario a usos non agrarios cando o exercicio da agricultura nelas non poida ter lugar en condicións de viabilidade económica satisfactorias.

A presente convocatoria inclúe a modificación de varios artigos da Orde do 6 de febreiro de 2003 que estableceu, en Galiza, as bases reguladoras das axudas para fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria, así como a súa convocatoria para ese ano.

O prazo de presentación das solicitudes de axuda para este ano 2006 remata o **11 de febreiro**, e as solicitudes deberán presentarse, preferentemente, nas oficinas agrarias comarcais da Consellería do Medio Rural.

Requisitos para concentrar aves de curral

Por mor da gripe aviaria, deberá formularse solicitude para celebrar concentracións de aves de curral ou doutro tipo en mercados, mostras, exhibicións e celebracións culturais, coa seguinte documentación:

1. Localización do lugar proposto para a celebración que incluíra as súas coordenadas xeográficas ou a representación nun plano.

2. Informe municipal sobre a existencia no radio dun quilómetro arredor do lugar de currais familiares e parques ou xardíns onde se poidan manter aves.

3. Esbozo das instalacións do recinto.

4. Informe veterinario.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Herba seca e silo, en Cospeito.
Chamar ao 982 177 004

Véndense

Rolos de silo de boa calidade.
Chamar ao 982 164 467 ou ao
móbil 620 449 460

Véndense

12 ovellas do país.
Preguntar por María no teléfono
982 168 060.

Véndense

Rolos de herba seca e unha sala
de muxido de 4 puntos en Cartelle
(Ourense).
Preguntar por Tito no teléfono 646
398 006.

Véndense

-Tractor MASSEY FERGUSON
175.
-2 remolques autocargadores.
Chamar ao 650 959 198.

Véndese

Tractor KUBOTA de dobre trac-
ción, 71 CV, con 2 rodas dianteiras
de reposto.
Chamar ao 618 283 320.

Véndese

Tractor marca CASE, serie
Maxxon, de 200 CV. En bo estado
e con prezo interesante.
Chamar ao 655 572 179.

Véndese

Silo de penso dividido en dous,
con capacidade aproximada para
12.000 quilos. No concello de
Coirós.
Chamar ao 696 831 373.

Véndense

Puntos de vacas nutrices en Tor-
doia (A Coruña).
Chamar ao 610 572 833.

Véndese

Scooter marca SUZUKI Adress
BX, vermella, de 50 cc.
Chamar ao 676 616 838 ou ao
número 646 796 127.

Véndese

Casa en Piñor de Cea (Ourense).
Ten curro, planta baixa e piso su-
perior con tres habitacións e comedor,
e unha casaña adicional que fai
de cociña. Con eidos na zona. Seis
familias de veciñanza. Bo acceso
para coches, preto da N-525, a un
quilómetro do centro urbano.
30.000 euros, negociables.
Chamar ao 649 463 730.

Véndese

Moto YAMAHA especial de 250
cc, ano 2000, 22.000 quilómetros.
En perfecto estado. 1.500 euros.
En Rois (A Coruña).
Preguntar por Moncho no telé-
fono 619 963 003.

Véndense

Tuias para peches de fincas.
Tamaño entre 80 e 120 centíme-
tros. Prezo segundo pedido.
Preguntar por Moncho no telé-
fono 619 963 003.

Véndense

-Xovencas con carta próximas ao
parto.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de
6 puntos, con medidores volumétri-
cos e programador de lavado.
-Tractor MASSEY FERGUSON
8120 Dynashift, de 145 CV. 2.000
horas de uso. Impecable.
Chamar ao 608 879 938.

Véndense

-Tractor JOHN DEERE 3350, con
pa de dobre tracción. Seminovo.
-Tractor RENAULT 88. Dobre em-
brague, dirección hidráulica. En bo
estado.
-Tractor JOHN DEERE 2650, de
dobre tracción.
-Tractor FIAT 80-90 con HI-LO e
inversor de dobre tracción.
-Desbrozadora forestal despra-
zable lateralmente.
-Remolque, anciños (varios mo-
delos), sulfatadora, abonadora,
segadora (varias marcas), desen-
siladora, etcétera.
Chamar ao 982 153 182, ao 676
704 434 ou 679 966 032.

Véndese

Rotoempacadora marca CARRA-
RO.
Preguntar por Xosé Manuel no
686 118 173.

Véndense

-Circuíto de muxido GAS-
COIGNE, con lavado automático.
-Tanque de refrixeración ALFA
LAVAL de 735 litros.
-Cisterna de 5.000 litros.
Preguntar por Lisardo no teléfono
982 178 265.

Véndese

Desensiladora de terraza marca
TENIAS. En Cospeito (Lugo).
Chamar ao 666 317 919.

Véndese

Casa de pedra en Espiña, Pacios
(Baralla, Lugo).
Preguntar por Benigno no telé-
fono 982 363 270. De non
atoparse en casa, deixar recado no
contestador. Despois, el chamará.

Véndense

Herba seca e rolos de silo en
Santa Cristina (Cospeito, Lugo)
Chamar ao 982 177 387

Véndense

-Desensiladora.
-Tractor RENAULT 57.
-Semental de branco belga.
En Seixas (Cospeito, Lugo).
Chamar ao 610 362 674

Véndense

-Autocargador BEVILAQUA.
-Rotativo BONINO 45.
-Bañeira de leite PACHO de 1.000
litros, seminova, de aceiro inoxidable,
trifásica.
Chamar ao 982 349 163

Véndese

Explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel
no 988 419 112 ou no 988 419 035

Véndese

-Sala de muxir WESFALIA con
catro puntos de muxido.
-Tanque de frío de 850 litros.
-Opel Astra GLS 1.600
Preguntar por Eloi no teléfono
988 425 274 ou no 680 744 717

Véndese

-Picadora de millo CLASS 695 SL
con cabezal KEMPER de 6 liñas,
máis cabezal de herba.
-Carro mesturador vertical marca
COMPAR de 12 m³a
En Sobrado (A Coruña).
Chamar ao 636 615 838

Véndese

Tanque de leite de 325 litros, na
zona de Montesalgueiro (Aranga).
Chamar ao 981 798 145

Véndese

Víño do país rosado e augar-
dente.
Chamar ao 986 689 486 e pre-
guntar por Ana. Chamar a partir
das 7 da tarde.

Véndese

Motor de muxir GASCOIGNE con
cubos. Pode con dous. Bañado en
aceite. Prezo: 240 euros.
Preguntar por Ovidio no teléfono
686 596 260

Véndense

-Sala de muxido WESFALIA de 4
puntos.
-Tanque de frío de 830 litros.
Chamar ao teléfono 680 744 717

Véndese

-Autocargador rotativo MORRA.
-Desensiladora SEHTRAUW.
En perfecto estado.
Chamar ao 982 163 465

Véndese

Boi de 2 anos de raza Rubia.
Chamar ao 982 165 281.

Véndese

Renault Clio 1.5 DCI, de 65 cv,
con tres portas, cor negra meta-
lizada, máis extras. De outubro de
2004. Prezo: 8.900 euros
Chamar ao 626 278 591 de 2 a 4
ou pola mañá cedo.

Véndense

Ovellas novas preñadas de raza
Merina.
Preguntar por Primo no teléfono
982 144 112

Véndense

6 vacas de raza Rubia Galega
marcadas.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

Arado de 3 regos.
Chamar ao 626 334 770

Véndense

9 ovellas preñadas e un macho,
de boa raza.
Chamar ao 981 788 210

Véndese

Encintadora de carro en Labrada,
Abadín (Lugo).
Chamar ao 616 118 635

Véndese

Equipo completo de calefacción
para invernadoiro, con xeradores
de aire. En Celanova (Ourense).
Preguntar por Xulio no teléfono
605 400 351

Véndense

Colmeas.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL de
330 litros en perfecto estado.
Chamar ao 981 796 590

Véndese

Opel Kadett 1.7 Diesel, matrícula
B-2554-JY por 1.000 euros. En
Xermade (Lugo).
Chamar de 1:30 a 3 do mediodía,
ou a partir das 9 da noite, ao telé-
fono 982 179 054

Véndese

-Circuíto de muxido de 3 puntos,
marca WESFALIA.
-Tanque de frío en bo estado.
Chamar ao 981 790 331

Véndese

Autocargador picador da marca
POTTINGER Europrofi 1.
Chamar aos números de teléfono
982 164 075 e 699 054 057

Véndese

Renault 5, en bo estado.
Preguntar por Antonio no teléfono
982 187 272

Véndese

-Sala de muxir marca MAGNUS
de 6 puntos con medidores elec-
trónicos.
-Silo de penso de 6.000 quilos.
En Santa Comba. Chamar ao
teléfono 981 895 168

Véndese

Trigo do país e rolos de palla.
Preguntar por Manolo a partires
das 9:30 da noite no 982 157 225

Véndese

-Renault 110 serie 54, con motor
MWM.
-Same 110 Laser.
Ambos en estado impecábel, de
importación e sen tintar.
Chamar ao 606 616 139

Véndese

Autocargador MAGAL, con
descarga hidráulica, de 22 metros
e 5 coitelas.
Chamar ao teléfono 982 160 266

Véndense

Cachorros de Bóxer, leonados e
atigrados, con pedigrí. Excelente
carácter. Na bisbarra de Com-
postela.
Chamar ao 616 033 013

Véndese

Plantas de mirabel xa enxertadas,
con poda de formación e con ins-
truccións de cultivo. Prezo: 6'50
euros / planta. Prezo negociable
para cantidades maiores de 25.
Chamar ao teléfono 619 292 931
ou ó 619 292 932

Véndense

2 cans das vacas: un pastor
alemán de 1 ano, e un pastor bel-
ga cruzado de 8 meses. En Abadín
(Lugo).
Chamar ao teléfono 637 789 191
despois das 18:00 horas.

Véndense

Rolos de herba seca.
Chamar ao 981 681 103

COMPRAS

Mércase

Esparexedor estendedor de silo.
Preguntar por Raúl no teléfono
981 892 716



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quíntanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Xosé Manuel Calvo Rei, produtor de leite e membro da Dirección Nacional do SLG

Con 35 cabezas de gando entre vacas e xovencas, Xosé Manuel Calvo desenvolve a súa actividade como gandeiro na parroquia de Cardama, no concello coruñés de Oroso. Aínda que nesta bisbarra hai un alto índice de explotacións lácteas en comparación con outras zonas de Galiza, os problemas son semellantes: envellecemento da poboación, dificultade para acceder á terra, baixada de prezos, etcétera. Non embargante, se hai algo que Xosé Manuel ten claro é que "aínda hai esperanza, aínda podemos erguernos e superar os problemas da Galiza rural".

“Tal e como estamos, o prezo mínimo do leite debería estar entre 35 e 36 céntimos”

■ Na última mesa do leite as industrias dixeron que ían baixar de novo os prezos. Xa o fixeron?

Este é un problema do que xa nos advertía Lidia Senra hai dous anos nas asembleas. Daquela, tiñamos uns prezos por aquí máis ou menos razoábeis, entre 56 e 57 pesetas. Agora estase cumprindo o que nos dicía a Secretaría Xeral do SLG, e os prezos baixan. Na nosa empresa xa anunciaron que para xaneiro nos van baixar unha peseta, e en marzo ou abril pretenden meternos unha rebaixa de tres pesetas. É un problema serio. O tema dos prezos é moi importante no sector lácteo, pois a nosa renda depende de moitos factores e os cartos escápannos por moitos lados.

■ Entón, que prezo mínimo pensa que debería ter o leite?

O prezo ideal é moi difícil de valorar. Se segue encarecendo todo como ata o de agora, non se dá fixado. Tal e como estamos hoxe, ese prezo ideal para que unha explotación teña estabilidade, sen contar canto se vai encarecer todo a partir do mes que vén, debería estar entre 35 e 36 céntimos. Agora mesmo, o beneficio que



A pesares dos problemas, Xosé Manuel Calvo é optimista co futuro do agro galego

nos queda a final de ano, e tendo en conta os cartos que move unha explotación, é bastante decepcionante. Movemos moito diñeiro, pero ao final ás penas che queda marxe de beneficio. É unha mágoa que non saibamos a como imos vender o noso produto, que non podamos botar contas do que imos gañar co noso traballo. Iso é o mínimo que

se nos debería dar, a posibilidade de chegar a fin de ano cunha renda e saber fixo o que imos gañar. Eu non podo facer ningún investimento para mellorar sen saber canto vou gañar.

■ A que se refire con que todo se vai encarecer a partir do mes que vén?

Os abonos están subindo unha esaxeración, e a partir do 2006 vano facer máis. Ca-

da saco de corenta quilos vai subir uns dous euros, tendo en conta que o abono máis barato anda en case oito euros o saco, e hai pouco valía menos de seis. Eu, por exemplo, e mercando sempre o mínimo imprescindible, necesito catro palés de abono. Cada palé ten cincuenta sacos. Aí xa teño 400 euros de gasto adicional que non tiña o ano pasado.

“As políticas dos últimos anos conseguiron desvalorizar a profesión labrega”

■ Afectou moito por aquí a supertaxa?

Nesta zona non afectou moito como tal supertaxa, aínda que houbo xente que xa lle estiveron descontando a multa doutro xeito, co leite negro. É unha palabra horrible, pois ese leite, cando chega ao mercado, é igual de branco que o que se vende dentro de cota. Algunhas industrias lévanse o leite fóra de cota a un prezo aínda máis barato, e iso e outro xeito de meternos a supertaxa.

■ Esta bisbarra sofre os problemas xerais do medio rural galego?

A comarca de Ordes, moi centrada no sector lácteo, se cadra está menos afectada. Pode que sexa tamén por estarmos preto de Compostela, polo que a xente que traballa fóra aínda queda na aldea. De todos xeitos, nesta parroquia, con dezaseis explotacións de máis de doce vacas -un índice alto para os corenta veciños que somos-, nótase o envellecemento. Non hai xente nova que se incorpore. As políticas que se fixeron nos últimos anos conseguiron desvalorizar a profesión labrega e sementar desánimo na mocidade.

■ Daquela, habería que facer para frear este proceso?

O primeiro, unha campaña para revalorizar o traballo labrego, mesmo nas escolas, para facer ver que a agricultura e a gandería son medios de vida dignos.

Por outra banda, deberían apoiarnos coas normativas que se aproben. Por exemplo, a día de hoxe aínda está sen solucionar o tema da licencia de actividade, e son moitas as explotacións pendentes dun fío para que as pechen por unha denuncia.

“É triste que traíamos palla e cebada doutras zonas cando aquí se dá de todo”

■ Estase notando o cambio de goberno no sector lácteo?

Polo de agora, non houbo tempo. A nivel persoal, eu vin satisfeito do último seminario estatal do leite polas novas liñas de actuación que anunciaron os representantes da Consellaría de Medio Rural. Agora ben, cómpre ser prudentes, pois no noso sector xa estamos cansos de que nos vendan todo tipo de políticas sen que se faga nada.

■ Que pensa que debería facer a Consellaría de Medio Rural neste sector?

O do banco de terras creo que é algo moi bo e importante. Trátase dunha demanda que os produtores sempre

defendemos dentro do Sindicato Labrego. Se agora temos oportunidade de poder debatelo co propio goberno, creo que é algo moi positivo.

O tema da terra é básico, pois permítenos mellorar na produción e saber realmente o que producimos. No noso país temos a sorte de termos unha terra na que se dá practicamente de todo, e é moi triste que teñamos que traer palla e cebada doutras zonas do Estado cando aquí se dá de todo e podemos sementar case en calquera época do ano.

Tamén penso que o de mellorar o acceso á terra contribuirá a dar azos aos

que veñan tras nosa. Eu, por exemplo, nunca puiden mercar terra na miña parroquia porque ma vendían a prezo de solar. Evidentemente, se eu quero terra para botar millo ou trigo, non podo pagala como se a quixera para construír unha casa.

O prezo da terra debería variar segundo o seu uso, senón é imposible adquirir terreos. Aquí, en Cardama, téñense mercado fincas a 700.000 pesetas o ferrado (639 metros); iso é unha salvaxada, dese xeito non poden establecerse explotacións novas nin ampliarse as que existen. Así é imposible ter estabilidade no sector.